



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL
Expte. 795/1102

ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9 DE ABRIL DE 2020.

ADMÓN. ELECTRÓNICA.

- 1.- Expediente de contratación por procedemento aberto simplificado dos servizos de actualización, soporte e mantemento do software de virtualización vmware (2020-2025). Expte. 9101/113.
- 2.- Expediente de contratación por procedemento aberto dos servizos de actualización, soporte e mantemento do servidor documental ALFRESCO (2020-2025). expte. 9075/113.
- 3.- Expediente de contratación por procedemento aberto dos servizos de actualización, soporte e mantemento do xestor de BBDD Informix, do conector Informix gateway e da ferramenta de backup spectrum protect. Expte. 9058/113.

BENESTAR SOCIAL

- 4.- Addenda ao «Convenio de colaboración entre coa Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo» para sufragar os gastos de aluguer e mantemento do seu local social – anos 2019-2021». Expte. 197297/301.

CONTRATACIÓN

- 5.- Informe sobre o impacto na contratación municipal da normativa ditada para xestionar a crise derivada do COVID-19. Expte. 6446/241.
- 6.- Declaración de imposibilidade total de execución do contrato de servizos da xestión das escolas infantís municipais de Tomás Alonso e Bouzas, como consecuencia do Coronavirus COVID-19. Expte. 6452/241.
- 7.- Declaración de imposibilidade total de execución do contrato de servizos da Xestión e dinamización da Casa das Mulleres, como consecuencia do Coronavirus COVID-19. Expte. 6453/241.
- 8.- Declaración de imposibilidade total de execución do contrato de servizos da xestión e dinamización do centro de documentación e recursos feministas do Concello de Vigo, como consecuencia do Coronavirus COVID-19. Expte. 6454/241.
- 9.- Declaración de imposibilidade total de execución do contrato de servizos da xestión das escolas infantís municipais de Santa Marta-Casco Vello - Santa

Cristina Lavadores, Atalaia Teis e Costeira Saiáns - Mestres Goldar-Castrelos – Navia , como consecuencia do Coronavirus COVID-19. Expte. 6456/241.

- 10.- Declaración de imposibilidade total de execución do contrato de servizos auxiliares para a posta en funcionamento da Sala de lectura-Biblioteca de Navia , como consecuencia do Coronavirus COVID-19. Expte. 6457/241.
- 11.- Declaración de imposibilidade total de execución do contrato de concesión de servizo público de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros, como consecuencia do Coronavirus COVID-19. Expte. 6462/241.
- 12.- Declaración de imposibilidade total de execución do contrato de xestión da escola infantil municipal ATALAIA-TEIS, como consecuencia do Coronavirus COVID-19. Expte. 6463/241.
- 13.- Autorización da cesión de contrato de seguridade e mantemento de instalacións de seguridade na rede de museos de Vigo. Expte. 6439/241.
- 14.- Adxudicación dun contrato de emerxencia de subministro para a adquisición de elementos de protección necesarios para os bombeiros municipais para intervencións no rescate de persoas e nos traballos que se están levando a cabo pola crise sanitaria xerada polo COVID-19. Expte. 6088/213.
- 15.- Corrección de erro no acordo de adxudicación do contrato de servizos de axencia de publicidade para a creación e difusión publicitaria dunha campaña de comunicación/información da situación xerada pola crise COVID-19. Expte. 17987/101.
- 16.- Declaración de imposibilidade total de execución do contrato de xestión dos servizos de dinamización infantil da Concellería de Xuventude, como consecuencia do Coronavirus COVID-19. Expte. 6465/241.
- 17.- Declaración de imposibilidade parcial de execución do contrato dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Traviesas, Lavadores, Teis e Lavadores e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnacios e instalacións dependentes da Concellería de Deportes, como consecuencia do Coronavirus COVID-19. Expte. 6450/241.
- 18.- Adxudicación do contrato de servizo de para a xestión dun albergue provisional no pavillón municipal do Berbés pola crise COVID19, por tramitación de emerxencia. Expte. 197676/301.



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL
Expte. 795/1102

- 19.- Adxudicación do contrato de servizos de apoio técnico á oficina municipal de Voluntariado e formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado para atender ás necesidades derivadas da situación de emerxencia sanitaria xerada polo COVID-19, por tramitación de emerxencia. Expte. 706/322.

RECURSOS HUMANOS

- 20.- Nomeamento interino de dous auxiliares de administración xeral, con cargo a prazas vacantes, para o Servizo de Benestar Social. Eppte.35632/220.

DECRETO DE CONVOCATORIA

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión extraordinaria na Sala de Plenos o día **de 9 de abril de 2020, ás 12 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSdeG-PSOE . Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para ós efectos de información.

CCA/me.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez